



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA DE XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E O PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO DE TECNOLOXÍAS CIRÚRXCAS MÍNIMAMENTE INVASIVAS (TECMEVA).**

En San Cibrao das Viñas, 19 de xuño de 2023.

**REUNIDOS**

DUNHA PARTE , D. JULIO GARCÍA COMESAÑA, Conselleiro de Sanidade, presidente do Servizo Galego de Saúde e presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro, pola Lei 12/2007, de 27 de xullo, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, pola que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente e co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos; así como no establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. .

DOUTRA PARTE, D<sup>a</sup>. Patricia Argerey Vilar, con DNI 33.329.475-Z, quen actúa en nome e representación da entidade Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. na súa calidade de representante persoal física do vicepresidente e conselleiro delegado, Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, cargo pola que foi reelixida na reunión do Consello de Administración celebrada o 12 de xullo de 2019, elevada a público en escritura autorizada polo notario de Santiago de Compostela, D. José Manuel Amigo Vázquez o 30 de xullo de 2019, número 1929 de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de Ourense, tomo 912, folio 112, folla OR-1207, inscrición 80<sup>a</sup>. Segundo o establecido na escritura notarial do notario de Ourense D. Daniel Balboa Fernández de data 5 de marzo de 2013 e número 368 do seu protocolo, deléganse no conselleiro delegado, para o seu exercicio, tódalas facultades propias do Consello de Administración, a excepción feita das indelegables



As partes, recoñecéndose mutuamente capacidade legal suficiente, subscriben o presente Convenio de Colaboración, para cuxo efecto,

## EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** O Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. (en diante Tecnópole) é a entidade responsable de xestionar un conxunto de infraestruturas, espazos, recursos, capacidades e servizos destinados a empresas, emprendedores e proxectos que utilizan como ferramentas de crecemento a innovación e o coñecemento. Ademais PTG, S.A. mantén vínculos activos de colaboración con Universidades, Centros de Investigación e Empresas co obxectivo de fomentar as actividades de I+D+i e o desenvolvemento e a competitividade empresarial.

O obxecto social da entidade contempla a promoción, xestión, conservación e mantemento do Parque Tecnolóxico de Galicia, fomentar a innovación e a transferencia de tecnoloxía entre os usuarios do Parque, así como con outras estruturas internas e a prestación de servizos e a realización de actividades que contribúan á promoción económica, á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico e a creación de emprego en Galicia.

**SEGUNDO.-** A Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, creou o Servizo Galego de Saúde (en diante SERGAS) como un organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica propia, que ten como finalidade a xestión dos servizos sanitarios de carácter público dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a coordinación integral de todos os recursos sanitarios e asistenciais.

Así mesmo, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, sinala que o obxectivo do Servizo Galego de Saúde é a provisión dos servizos e das prestacións de atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma, dentro do marco básico de financiamento do Sistema público de saúde de Galicia, garantindo os dereitos recoñecidos aos cidadáns.

O Servizo Galego de Saúde exerce o goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos, garantindo a provisión dos



servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública; coordina a xestión dos recursos humanos, materiais e financeiros que teña asignados, e exercerá aquelas funcións que lle delegue ou encomende a Consellería de Sanidade.

**TERCEIRO.-** Que polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia. A súa Presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

O impulso da xestión do coñecemento e da formación dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia constitúe un obxectivo fundamental da ACIS. Actualmente a formación baseada na simulación é unha ferramenta docente cada vez máis importante que permite incrementar os niveis de capacitación e as competencias, especialmente nas habilidades clínicas, dos/as profesionais sanitarios/as dentro dunha contorna segura. Nos últimos anos vense producindo a nivel mundial unha aceleración no uso da simulación na formación, dada, precisamente, a importancia para os sistemas sanitarios de crear unha cultura de seguridade para os/as pacientes. Por tal motivo dende a ACIS se está a impulsar a realización de actividades de formación baseada en técnicas de simulación.

**CUARTO.-** Tecnópole dispón dun edificio denominado Tecnópole I que acolle un espazo de 240 m<sup>2</sup> de instalación dedicadas ao centro de tecnoloxías cirúrxicas minimamente invasivas TECMEVA (Tecnoloxías Médicas de Vangarda).

TECMEVA é unha infraestrutura que conta co equipamento e instrumental necesario para acoller cursos de formación en técnicas laparoscópicas convencionais e en 3D, realizar proxectos de investigación aplicada e realizar actividades de transferencia de coñecemento no seu ámbito.

TECMEVA encóntrase ademais desde o 12/12/2019 inscrito no Rexistro de centros de cría, subministradores e usuarios de animais de experimentación, integrado no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA).

**QUINTO.-** De acordo co disposto no artigo 34 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a



Tecnoloxía e a Innovación: "Os axentes públicos de financiamento ou execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas as Administracións Públicas, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado, os consorcios e fundacións participadas polas administracións públicas, os organismos de investigación doutras administracións públicas, e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo. Poderán celebrar estes convenios os propios axentes públicos entre si, ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.
- b) Creación ou financiamento de centros, institutos, consorcios ou unidades de investigación, e infraestruturas científicas.
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.
- d) Formación de persoal científico e técnico.
- e) Divulgación científica e tecnolóxica.
- f) Uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

**SEXTO.-** En base ao anterior, Tecnópole e o SERGAS - ACIS están interesados en colaborar para a realización das actividades mencionadas nos puntos a), d), e) e f), do artigo 34.1 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación facendo uso das instalacións e equipamento de TECMEVA.

As partes, polas funcións e competencias que teñen encomendadas, consideran do máximo interese establecer un marco xurídico de cooperación que facilite a realización de proxectos e actividades de interese común.

Por canto antecede, as partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración en base ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente Convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes para levar a cabo accións conxuntas de docencia e investigación mediante emprego de sistemas de simulación médica, especialmente no ámbito da cirurxía laparoscópica, de conformidade co disposto no artigo 34. 1 a), d), e) e f) da Lei 14/2011, do 1 de xuño da Ciencia, Tecnoloxía e a Innovación, facendo uso das instalacións e equipamento do centro de tecnoloxías cirúrxicas minimamente invasivas TECMEVA.

Concretamente dita colaboración ten como propósito:

- A. Facilitar a formación de persoal profesional cirúrxico do Servizo Galego de Saúde e demais axentes interesados mediante a programación e organización de actividades formativas en TECMEVA.
- B. Promocionar e realizar conxuntamente actividades de investigación traslacional e divulgación de novas técnicas cirúrxicas.

### SEGUNDA.- ACTIVIDADES

TECMEVA constitúese coma un centro de formación, investigación e innovación especializado no eido da cirurxía laparoscópica que ofrece as infraestruturas necesarias para desenvolver novas técnicas cirúrxicas e acoller iniciativas formativas que contribúan a incrementar o coñecemento sanitario dos profesionais do Servizo Galego de Saúde.

TECMEVA servirá de apoio á crecente demanda de instalacións especializadas e de calidade para a investigación traslacional e a formación continuada dos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde e demais axentes interesados.

En particular, contéplanse as seguintes actividades para a realización en TECMEVA no



marco do presente convenio

- Organización e acollida de cursos de formación experimental en técnicas cirúrxicas, microcirúrxicas, laparoscópicas, ou anestésicas. Mellora das habilidades e a súa aplicación a un protocolo cirúrxico específico sobre modelo animal experimental ou cadáveres humanos<sup>1</sup>.
- Formación complementaria ao colectivo MIR, e outros colectivos dentro do programa de Formación Sanitaria Especializada, mediante a aprendizaxe das diferentes técnicas cirúrxicas, e habilidades particulares, dentro dun marco aprobado polas institucións sanitarias correspondentes.
- Apoio ao desenvolvemento de proxectos de investigación biomédica e procedementos de posta a punto de novas técnicas diagnósticas ou terapéuticas.
- Conseguir ter un impacto positivo na práctica clínica, promovendo a formación, investigación e innovación realizada conxuntamente con empresas e/ou entidades públicas ou privadas, como medio de orientar e acelerar a transferencia de resultados.

### TERCEIRA.- PERSOAS RESPONSABLES

O SERGAS - ACIS designará ao menos un/a representante que será o responsable da organización e coordinación das actividades a realizar no marco do presente convenio e fará de principal interlocutor con Tecnópole.

Por parte de Tecnópole o responsable da supervisión sobre a execución deste convenio será o director xerente, ou persoa en quen delegue, quen adoptará as decisións e ditará as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización das accións pactadas. Para o seguimento e execución ordinaria do convenio o director xerente nomeará unha persoa encargada do Departamento de Proxectos da sociedade.

<sup>1</sup> Segundo o DECRETO 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia “os cadáveres que, de acordo coa clasificación do artigo 4, correspondan ao grupo 2º, poderán destinarse a fins científicos e de ensino, de acordo co establecido nas disposicións legais vixentes.”



#### CUARTA.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLAS PARTES

Para levar a cabo o obxecto do presente convenio as partes conveñen que:

- Tecnópole pon a disposición do SERGAS as instalacións e o equipamento existente en TECMEVA para a realización de proxectos de investigación e a realización de cursos formativos dirixidos a persoal sanitario. Achégase como Anexo I plano dos espazos e como Anexo II listado de equipamento.
- A ACIS asumirá un custe anual máximo de 15.000 € en concepto de custes de mantemento das instalacións e equipamento, que será contratado por Tecnópole, e que lle será aboado de acordo co recollido neste convenio e garantíndose con isto a dispoñibilidade das instalacións en condicións de uso para as actividades que se propoñan polo SERGAS – ACIS no marco deste convenio.
- O SERGAS e a ACIS poderán promover proxectos e actividades formativas en TECMEVA.
- O SERGAS a través do persoal técnico designado e debidamente acreditado coa capacitación establecida, exercerá o control das normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluíndo a educación e a docencia; o establecemento dos órganos de control e a xestión dos proxectos e procedementos nos que interveñan animais de experimentación (DECRETO 296/2008. R.D. 53/ en conta o seguinte:
  - a. O SERGAS, ou a ACIS, levarán a cabo as xestión de organización das actividades formativas, incluíndo a contratación de docentes, xestión de inscricións, adquisición ou achega de material adicional non dispoñible en TECMEVA.
  - b. No caso de ser actividades sobre modelo animal experimental o SERGAS, ou a ACIS, faranse cargo da correcta xestión da actividade en canto a persoal veterinario.
  - c. O SERGAS, ou a ACIS, vixiarán e garantirán que as actividades propostas cumpran con toda a normativa necesaria e aplicable en cada caso.



- d. O SERGAS, ou a ACIS, aportarán o persoal técnico e científico necesario, para levar a cabo as actividades concretas que se determinen no marco do convenio.
- Tecnópole propondrá una remuneración por cada actividade solicitada polo SERGAS ou ACIS, de acordo coa previsión dunha memoria presentada tendo en conta o seguinte:
    - .a. Tecnópole repercutirá os gastos imputables ás actividades formativas concretas en función do uso estimado das instalacións. En ningún caso se imputarán dentro destes custes os correspondentes a mantemento das instalacións e do equipamento.
    - .b. Tecnópole farase cargo da contratación da xestión de residuos e repercutirá os seus custes na remuneración de cada actividade.
  - No caso de necesidades de reparación dun equipo de TECMEVA, non incluído dentro dos custes de mantemento do mesmo, as partes valorarán conxuntamente a conveniencia da súa reparación e se acordará o reparto do gasto en cada caso.
  - Tecnópole poderá prestar o servizo de xestión loxística dos cursos ou eventos adscritos a TECMEVA referente a xestión das inscricións, organización de actividades paralelas, busca de aloxamento, transporte e desprazamento ou aquelas actuacións que se consideren necesarias recibindo a cambio unha compensación económica adicional.
  - Tecnópole poderá promover pola súa conta proxectos formativos para realizar no marco deste convenio. Neste sentido poderá propoñer actividades formativas xa concretas e acordadas con outras entidades interesadas (colexios de médicos, de veterinarios, etc.) e contar co asesoramento do persoal responsable designado polo SERGAS en cuestións sanitarias asociadas á formación (organización, formadores, etc.). Neste caso corresponderanlle a Tecnópole o cobro dos ingresos xerados pola actividade formativa a través das inscricións ou matrículas segundo se acorde coas entidades interesadas e o SERGAS recibirá un 10% dos devanditos ingresos no caso de ter beneficios.
  - Tecnópole poderá ceder ao SERGAS, previa petición e expresa autorización, equipamento que puidese ser necesario para levar a cabo prácticas de formación en centros do SERGAS diferentes a TECMEVA. Nestes casos determinarase nun documento asinado por ambas as partes a temporalidade e condicións específicas da cesión e deberase incluír o logo de TECMEVA nas difusión das ditas accións formativas.

## QUINTA.- FORMA DE PAGO

FINANCIAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO.

A ACIS financiará por un importe total de trinta mil euros (30.000 €) as actuacións en concepto de custes de mantemento das instalacións e equipamento, que será contratado por Tecnópole, con cargo á aplicación orzamentaria da ACIS e coa distribución que se indica no cadro seguinte, na cal existe crédito axeitado e suficiente:

Aplicación orzamentaria	Código do proxecto	2023	2024
12.A1.414A.226.17	2016/2	15.000 €	15.000 €

A ACIS, efectuará o pagamento do importe estipulado no convenio ata en dous pagamentos, previa comprobación da realización das tarefas de mantemento das instalacións obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada na ACIS. Para iso Tecnópole deberá presentar, en calquera caso antes do 1 de decembro de cada anualidade, as facturas que sirvan de xustificación da execución dos gastos de mantemento no período, dentro da anualidade correspondente, e logo da comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas cláusulas do convenio, procederase ao abono da cantidade xustificada ata o importe máximo previsto para cada anualidade.

## SEXTA.- ACTIVOS E BENS ADSCRITOS

Tecnópole é o titular da infraestrutura, o equipamento e o instrumental que constitúe TECMEVA. A Consellería de Economía, Emprego e Industria autorizou o 13 de decembro de 2017 a concesión demanial a favor de Tecnópole por un período de 10 anos prorrogables ata un máximo de 75 anos, dunha relación de parcelas entre as que se encontra a parcela institucional sobre a que está o Edificio Tecnópole I e que contén o centro TECMEVA obxecto deste convenio.

Calquera obra que se realice no inmovible deberá contar coa autorización do Parque



Tecnolóxico de Galicia, S.A.

O Centro ten a súa sede no Edificio Tecnópole I - Parque Tecnolóxico de Galicia, 32900, San Cibrao Das Viñas (Ourense), cuxa titularidade corresponde ao Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. Os activos, achegados á firma deste convenio ou adquiridos nun momento posterior, quedarán a disposición de TECMEVA durante o período de vixencia do Convenio, sen que iso supoña transmisión de título de propiedade, que permanecerá nos cedentes/financiadores. As obras, melloras e instalacións permanentes realizadas no Centro quedarán en beneficio do titular do inmovible sen que a outra parte poida retiralas ou reclamar o seu importe ao finalizar o convenio e sen dereito de indemnización ningunha.

TECMEVA manterá actualizado, en todo momento, un inventario dos bens que teña adscritos, o cal haberá de sinalar a Institución á que, en cada caso, corresponda a propiedade daqueles.

#### **SÉTIMA.- RESPONSABILIDADES DAS PARTES**

As partes asumirán cada unha a responsabilidade que lles corresponda, polos danos persoais ou materiais causados a terceiros que se produzan con ocasión ou como consecuencia das actividades e funcionamento de TECMEVA que desenrola cada unha de acordo co exposto neste Convenio, directamente ou a través dos profesionais a ela pertencentes, en particular nos supostos de dolo e negligencia.

Igualmente, as partes asinantes obríganse ao cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais.

O SERGAS comprométese a promover só proxectos e actividades formativas que se axusten á normativa en materia de uso de animais o cadáveres humanos con fins docentes nas instalacións de TECMEVA e conforme ás licencias e permisos existentes.

O SERGAS a través do persoal técnico designado e debidamente acreditado coa capacitación establecida, no caso das actividades que promova, exercerá o control das



normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluíndo a educación e a docencia; o establecemento dos órganos de control e a xestión dos proxectos e procedementos nos que interveñan animais de experimentación (Real Decreto 53/2013 e Decreto 296/2008)

#### **OITAVA.- PUBLICIDADE**

Ambas as partes conveñen que as actuacións que se realicen ao amparo deste convenio incluírán os logos e/ou referencias de ambas entidades, e comprométese a coordinarse nas labores de difusión. Asemade, TECMEVA comprométese tamén na difusión da actividade que se desenvolva na unidade de microcirurxía experimental da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, sen participación directa na xestión da mesma.

#### **NOVENA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN**

O presente Convenio, entrará en vigor no momento da súa firma e terá unha vixencia de dous anos, prorrogable por idéntico período, salvo denuncia do mesmo por calquera das partes, efectuada por escrito, con antelación mínima de seis meses ao seu vencemento de acordo co disposto no artigo 34.2 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Non obstante o anterior, calquera das partes poderá dar por finalizado o presente Convenio con anterioridade ao termo do mesmo, sempre que medie un preaviso ás demais partes de polo menos seis meses de antelación. Neste suposto de terminación anticipada, as partes deberán dar cumprimento ata a súa finalización aos proxectos de investigación en curso e a cantas obrigacións fronte a terceiros adquirisen en relación á actividade do Centro.

#### **DÉCIMA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN**

Serán causas de extinción do presente convenio as seguintes:

- A expiración do prazo de vixencia.
- O acordo das partes, formalizado por escrito.



- A resolución do convenio instada por algunha das partes ante o incumprimento das obrigacións de calquera das demais. Neste suposto, a parte ou partes incumpridoras deberá indemnizar á outra ou outras polos danos e prexuízos causados por tales incumprimentos.
- No caso de que o incumprimento sexa imputable exclusivamente a unha das partes, as restantes poderán optar entre a finalización do Convenio ou a súa continuidade, formalizando neste último caso un novo convenio para determinar as condicións ás que haberá de axustarse a colaboración.
- A denuncia do Convenio formulada por algunha das partes, nos termos previstos na cláusula novena.
- Terase en conta o disposto no artigo 42 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto ás causas de extinción das autorizacións e concesións demaniais.

#### **UNDÉCIMA.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

De conformidade co establecido na lexislación vixente, Tecnópole e SERGAS aceptan expresamente a incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados corporativos dos demais, así como o seu tratamento automatizado, para as finalidades de xestión do presente Convenio.

Ambas as partes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dos seus datos nos ficheiros corporativos da outra parte, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Así mesmo, manterán a máis absoluta confidencialidade respecto dos datos de carácter persoal da outra parte aos que tivese acceso pola subscripción do presente Convenio, e unicamente poderá cedelos aos organismos oficiais aos que estea legalmente obrigado, de acordo coa lexislación vixente, non podendo facelo con respecto a terceiros privados, todo iso de conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e demais Normativa de aplicación.



## **DUODÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

En caso de dúbidas ou desavenencias na interpretación deste convenio, calquera das partes asinantes poderá instar a creación dunha Comisión de Seguimento, para dirimir as mesmas, que se reunirá a instancia de calquera delas.

A comisión estará integrada por catro persoas: Dúas por cada unha das partes asinantes, debendo polo menos unha das persoas que representa a cada parte ter un perfil técnico vinculado ao obxecto do convenio. As outras dúas persoas que completan a comisión son:

Por ACIS: A persoa que ostente a Xerencia ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente da comisión e terá voto de calidade en caso de empate.

Por TECNÓPOLE: A persoa que asine o convenio ou persoa en quen delegue.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIMEN XURÍDICO E CONTROVERSIAS.**

Este documento ten a natureza dos Convenios de colaboración previstos en capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e recollidos no artigo 4. e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 quedando por tanto fóra da regulación contractual, cuxos principios, con todo, aplicaranse na resolución de dúbidas e lagoas que puidesen exporse.

As cuestións litixiosas ás que poida dar lugar a interpretación, modificación, efectos ou resolución do contido do presente Convenio resolveranse de mutuo acordo entre as partes, mediante diálogo e negociación. Cando non sexa posible a súa resolución no seo da Comisión de Seguimento, quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.



#### DÉCIMO CUARTA.- REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuran nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E, en proba da súa conformidade, asinan dixitalmente este documento.

PARQUE TECNOLOXICO DE  
GALICIA, S.A.

SERVIZO GALEGO DE  
SAÚDE

AXENCIA GALEGA DE  
XESTIÓN DO  
COÑECEMENTO EN SAÚDE

Patricia Argerey Vilar

Julio García Comesaña